


De flores diversas


Fiúncho de Cristina Barreiro Fernández



Un poemario sobre temas cotiáns, variados coma son os problemas das nosas vidas. Temas actuais, entre eles tamén os amores.


O gran libro da nosa horta de Blanca Millán

Neste libro danche as claves para faceres unha horta, cales son os mellores lugares, épocas para plantar, recoller... todo o que precisas para cultivala e coidala.



O xardín das sete portas de Concha Castroviejo.

Catorce contos e unha peza teatral. Historias cheas da maxia, a fantasía e a cor dos paraísos que coñeceu a súa autora.



Libro premiado xa no 1961 e agora traducido ao galego e con ilustracións de María Lapido.

De denuncias varias

Agora que cala a noite de Elba Pedrosa

Voces de mulleres que berran, que se expresan, que se queixan e que se liberan. Voces que lle plantan cara á violencia machista en todas as súas facetas e que reclaman protagonizar as súas propias vidas.



Azucres de Bibiana Candia

Galiza a mediados do século XIX. O país está asolado pola fame e a enfermidade. A única saída para os mozos como Orestes Veiga pasa por buscar un futuro mellor en Cuba. Inxenuos pero cargados de ilusión, acabarán traballando nos campos de azucres, tratados como escravos.



Fóra de rexistro de Virxilio Rodríguez Vázquez

Novela breve que presenta unha reflexión sobre o estrañamento, o drama inmenso da separación e do desarraigamento.

Premio Xosé Neira Vilas de novela curta 202



Chegou o maio... de flores cuberto!

O Equipo da Biblioteca e o Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística do IES Lamas de Castelo animávos a ler!!



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



Bibliotecas
escolares
de Galicia



Traducidos ao galego

Desgrazas dunha familia vitoriana de Idoia Iribertegui

Álbum ilustrado que é un divertimento, un xogo absurdo, irónico e improbable.


Historias maravillosas que a era vitoriana inspirou e que lle puideron pasar a esta familia (marcada pola fatalidade).

Con aires que lembran a Edgar Allan Poe, Dickens e especialmente a Edward Gorey, este relato non pretende máis nada que divertir con imaxes de historias dun mundo e un tempo desaparecidos.



Lingo: guía de Europa para turistas lingüísticos de Gaston Dorren

Lingo propón unha viaxe por Europa e o seu amplo abano de linguas. O autor recolle sesenta curiosidades arredor da diversidade lingüística europea que combinan historia, cultura e lingüística.



Da antigüidade a hoxe


Mitos e lendas da vella Grecia de Anisia Miranda

Celebramos a nova edición deste libro, que de xeito ameno, didáctico e fluído, ofrece unha selección dos principais deuses e heroes do Olimpo, de antigas crenzasunha e de lendas que conforman a base da cultura e da mitoloxía da Hélade, alicerces da occidental, coa pretensión de achegala á xente nova nos seus aspectos máis fundamentais.



Xestas olímpicas de Héctor Cajaraville

Da Antiga Grecia viñan as xestas olímpicas e no 1896 retomáronse as primeiras olimpíadas modernas, que aínda hoxe se conservan, esas fazañas que os heroes e as heroínas conseguen cada día no eido deportivo, con moita práctica e esforzo, nun intento de superación.



De todo un pouco

A culpa de María Solar

Unha novela trepidante onde unha multimillonaria, a señora Gondar, lle deixa unha inmensa cantidade de diñeiro en herdanza a Amanda, a empregada da oficina bancaria onde tiña gardada a súa fortuna. Porén, tamén lle deixa en herdanza 'a culpa'.



Estranxeiras de Carmen P.G. Granxeiro

Trátase dun relato de esperanza no cal a realidade queer, as transicións e a historia

colectiva conviven nun podcast, en múltiples vidas e nalgúns mortos, á vez que vivimos o debate entre o abandono do rural ou a súa revitalización.

A novela conseguiu II Premio Pinto e Maragota pola diversidade de sexo e xénero no 2021

